

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

ACORDO do 9 de xuño de 2026, do Departamento Territorial da Coruña, polo que se somete a información pública a solicitude de outorgamento das autorizacións administrativas previa e de construción e de declaración de utilidade pública, en concreto, dunha instalación de distribución de enerxía eléctrica no termo municipal de Cee (expediente IN407A 2026/142-1).

Expediente: IN407A 2026/142-1.

Solicitante/promotor: UFD Distribución Electricidad, S.A.

Denominación: Substitución dos apoios 94FDCBTF//123 e 94HLNHAQ//124 en LMT POT807.

Concello: Cee.

1. Características técnicas:

- Substitución dos apoios nº 94FDCBTF//123 tipo AG-Formigón-Cr por tipo C-1000/18 (AP 1) e nº 94HLNHAQ//124 tipo AG-HV 630/15 por tipo C-1000/18 (AP 2), no lugar Padrís, concello de Fisterra, da LMT POT807 (expediente 50.409), procedente da subestación Pontella.

- Substitución condutor tramo LMTA a 20 kV, de 523 m, condutor tipo LA-56 Al, con orixe no apoio proxectado AP 1 (Fisterra) e remate no apoio existente 94JWHIXW (Cee) da LMT POT807. Retensado do van comprendido entre o apoio existente nº 94DXG0D4//122 e o apoio AP 1 proxectado.

2. Lexislación de aplicación:

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro).

- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público (BOE núm. 236, do 2 de outubro).



- Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico (BOE núm. 310, do 27 de decembro).
- Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica (BOE núm. 310, do 27 de decembro).
- Lei 9/2021, de 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia (DOG núm. 39, do 26 de febreiro).
- Resolución do 19 de febreiro de 2014 pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construción, de acordo co previsto na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico (DOG núm. 54, do 19 de marzo).
- Lei do 16 de decembro de 1954, sobre expropiación forzosa (BOE núm. 351, do 17 de decembro).
- Decreto do 26 de abril de 1957 polo que se aproba o regulamento da Lei de expropiación forzosa (BOE núm. 160, do 20 de xuño).

A relación concreta e individualizada dos bens e dereitos afectados que se considera de necesaria expropiación figura no anexo que se xunta con este acordo.

A declaración de utilidade pública, segundo o artigo 56 da Lei 24/2013, do sector eléctrico, levará implícita, en todo caso, a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e implicará a urxente ocupación, para os efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.

A documentación estará á disposición das persoas interesadas nas dependencias da Sección de Enerxía do Departamento Territorial da Consellería de Economía e Industria da Coruña (rúa Vicente Ferrer, núm. 2, 2º andar, 15071 A Coruña), das 9.00 ás 14.00 horas, de luns a venres, así como no taboleiro de anuncios do concello. Ademais, poderá consultarse no Portal de transparencia e goberno aberto desta consellería:

<https://economia.xunta.gal/transparencia/informacion-publica/en-tramitacion/instalacions-electricas-distribucion-e-transporte>

Isto faise público para coñecemento xeral e particular das persoas propietarias dos predios que figuran na relación anexa a este acordo, así como das persoas titulares de dereitos reais ou intereses económicos sobre os bens afectados que fosen omitidos. Poderán



examinar a documentación técnica e, de ser o caso, achegar as alegacións ou observacións que xulguen axeitadas no prazo de 30 días, contados a partir do día seguinte ao da derradeira publicación deste acordo.

A Coruña, 9 de xuño de 2026

Isidoro Martínez Arca
Director territorial da Coruña

CVE-DOG: qqxhn1k6-s0i5-csr5-tmn3-fdkqdtzbzs82





ANEXO
Relación de bens e dereitos afectados. Termo municipal de Cee

Nº parcela	Lugar Referencia catastral	Cultivo	Titular	Afectación de solo en pleno dominio		Afectación de solo por servidume de paso de enerxía eléctrica			
				Apoio nº	m²	ml aé.	ml sot.	m² aé.	m² sot.
2	Fonte de Padris 15038A006000010000FU	Rústico Agrario	Lourdes Castro Trillo	AP.2 (94HLNHAQ/ /124)	2,0				

Abreviacións:
ml aé.: lonxitude da servidume aérea en metros lineais.
m² aé.: superficie de servidume aérea en m².
ml sot.: lonxitude da servidume soterrada en metros lineais.
m² sot.: superficie de servidume soterrada.

